

¡¡ Non ao proceso de Despido Colectivo no Banco Popular e Banco Pastor !!

INICIO DE MOVILIZACIONES CONTRA O ERE: “ESPERAMOSTE”

O vindeiro día 6 de outubro o Banco citou a toda a Representación Legal dos Traballadores, RLT, para comezar formalmente o período de consultas que marca o artigo 51 do Estatuto dos Traballadores sobre o **DESPIDO COLECTIVO** anunciado. Previsiblemente, na mesma data, o Banco presentará oficialmente perante a autoridade laboral a súa proposta para o **DESPIDO de 2.900 PERSOAS, ¡¡¡É A PERDA DE 2.900 POSTOS DE TRABAJO!!!**

Previdamente, toda a RLT fixemos propostas de flexibilidade interna durante o prazo establecido no artigo 12 do vixente Convenio Colectivo de Banca para que a presentación deste **SALVAXE ERE** non se materializase, ao cal a empresa fixo ouvidos xordos.

Como primeira medida, toda a representación sindical –agás SEGRUPO- axuntamos forzas e ímonos a mobilizar nas manifestacións e concentracións convocadas en todos os territorios para manifestar **o noso rexeitamento a este DESPIDO COLECTIVO.**

Facemos un chamamento a todos os compañeiros e compañeiras, familias, amigos... a secundar as mobilizacións que vaiamos convocando. Cantos, máis sexamos, mellor.

MOVILIZACIONES CONVOCADAS
SANTIAGO: día 8 de OUTUBRO, 12,00h , Praza de Galiza
A CORUÑA: día 13 de OUTUBRO, 18,00h , Cantón Grande núm 9. Fundación Barrié
VIGO: día 20 de OUTUBRO, 18,00h , Policarpo Sanz esq. Velázquez Moreno. B Popular OP

**Non sobramos 2.900. DEFENDE O TEU POSTO DE
TRABAJO, esperamoste**

Cinco de outubro de 2016